

ACTA

ASEMBLEA XERAL DA ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA ILUSTRACIÓN 31 DE OUTUBRO DE 2015

Aula magna da Hospedería San Martín Pinario, Santiago de Compostela

Dá comezo a Asemblea Xeral Ordinaria da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración, en segunda convocatoria, ás 17:00, presidida pola presidenta da asociación, Marina Seoane Pascual, que abre a sesión. Na sala está presente aproximadamente unha quinta parte dos socios.

A presidenta le un discurso de apertura e procédese a seguir a orde do día.

• LECTURA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA ACTA DA ASEMBLEA ANTERIOR

A acta queda aprobada por maioría.

• INFORME ECONÓMICO E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DAS CONTAS DE 2014

Ingresos: 23.928,51 euros

Deles, 17.191,00 euros proceden das cotas de socio, 137,51 de vendas de publicacións e inscricións a cursos, e 6600 de subvencións.

Gastos: 31.314,80 euros

Deles, 11.784,47 euros son de servizos profesionais (secretaría técnica, relatorios do Encontro, cursos, etc.), 6.059,46 euros están relacionados co aluguer da sede, 4.867,34 euros de imprenta e similares (principalmente, a impresión do Caderno 2015), e 7.306,28 euros doutros servizos (que agrupan gastos de hotel, avión, envío do Caderno AGPI, asesoría, etc.)

Os resultados son pois un balance negativo de **-7.386,28 euros**. Hai que lembrar, como o ano pasado, que isto non significa que haxa débedas: simplemente que houbo máis gastos que ingresos, pero a asociación dispón de diñeiro na conta e pode facer uso del para ofrecer actividades e servizos aos seus socios; ao contrario que unha empresa, o obxectivo dunha asociación non é gañar diñeiro, senón en todo caso xestionalo da mellor maneira posible.

Se analizamos a conta bancaria, comezouse o ano con 10.211,83 euros nela, e acabouse con 5.061,47 euros. A diferenza é menor que a perda contabilizada, porque os datos do primeiro e último día do ano non reflicten exactamente todos os movementos contables do ano (hai movementos bancarios que se fan antes ou despois desas datas).

A causa das perdas veu este ano derivada de erros de previsión pola aprobación do convenio coa Xunta a mediados de ano. Ao elevarse o gasto da asociación (xa que a subvención esixe que unha parte do proxecto subvencionado corra por conta da asociación), e dado que o proxecto doutra forma non se levaría a cabo, fixéronse cambios presupostarios sobre a marcha, que levaron a erros de cálculo na estimación realizada previamente. Habería que dicir que neste cálculo contable non se ten en conta que se recibiu tamén subvención de case 2000 euros da Deputación da Coruña; non se computa neste ano por estar realmente pagados en 2015, pero que fan que as perdas en realidade poidan consierarse menores.

En todo caso, o maior gasto derivou na incorporación dun proxecto importante (o Caderno AGPI 2015), con envío aos socios e a empresas de todo o Estado, e nunha edición do Encontro que foi a máis exitosa ata entón.

Sometidas a votación, as contas quedan aprobadas por maioría.

• PREVISIÓNS DE TESOURERÍA PARA O ANO EN CURSO

Tal e como se comentou na asemblea de 2014, a secretaría técnica suxeriu que se solicitasen á xestoría as contas de 2014 xa na primeira parte do ano para proceder a estudar se era necesario facer algún tipo de axuste sobre os gastos que se estaban a realizar. Visto o balance negativo, e unha vez existían xa

compromisos de gasto (pola axuda outorgada no convenio coa Xunta de Galicia), tomouse a decisión de axustar gastos fóra deses compromisos existentes.

A proposta do propio secretario técnico, decidiuse a redución de gasto na remuneración relativa á secretaría técnica no segundo semestre do ano, deixando o gasto de 3000 euros mais IVE en aproximadamente a metade, a cambio de que se fose reducindo a carga de traballo, de forma que parte das súas funcións volvesen á directiva, como o foron inicialmente. Outros gastos que se decidiu reducir foron o do xantar do Encontro (en que cada socio debeu pagar a metade do cuberto), eliminar os gastos de internet na sede e tentar conseguir unha redución no aluguer da sede (nestes momentos, a propietaria do local propuxo reducir unha cantidade equivalente, no montante global do ano, a unha mensualidade, e quizá podería conseguirse algo máis).

Ademais, propúxose a posta en marcha da sede como local de coworking para socios, o que reduciría tamén o gasto nese aspecto, aínda que a medida non tivo resposta entre os socios ata hoxe.

A conta bancaria da asociación está nestes momentos en 7.719 euros, e cóntase con acabar o ano, unha vez efectuados os gastos comprometidos, nuns 4000 euros.

A partir de aí, e seguindo estes criterios de redución, sen contar coa secretaría técnica, os gastos fixos trimestrais pasarían a roldar os 1500 euros, mentres as cotas reportan cada trimestre aproximadamente 4300 euros, polo que é previsible unha recuperación paulatina dos números ao longo de 2016. Isto requirirá de maior implicación da directiva no funcionamento administrativo da asociación e talvez unha pequena redución no número de proxectos de cara ao exterior, para evitar esforzos excesivos.

A consideración xeral por parte do secretario técnico é que se creou unha excesiva dependencia da secretaría técnica por parte da asociación, e que é importante que a directiva recupere as súas funcións, mesmo totalmente, o que supón a eliminación da figura do secretario técnico, aínda que sexa temporalmente.

Alberto Guitián consulta a posibilidade de cambio de local, apoiada por outros asociados. Coméntase o plan de actuación da actual xunta directiva para reducir o gasto no local da asociación. A opción utilizada por Galix (uso dun local proporcionado pola Xunta na Cidade da Cultura) descártase por problemas de desprazamento e loxística (espazo de almacenamento moi limitado).

• REPASO DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS NO EXERCICIO 2014-2015

— ACTIVIDADES PARA OS SOCIOS E ACTIVIDADES PÚBLICAS

Xestión de descontos con tendas: actualmente, asinados convenios de desconto con 21 tendas de toda Galicia (A Coruña, Lugo, Santiago, Ourense, Pontevedra e Vigo) e mais un tenda online e unha plataforma de xestión de portafolios online.

Outros descontos puntuais para socios:

- Curso online de Marketing en internet para ilustradores (APIC)
- Curso online: Animaciones HTML5 avanzadas para la web con Adobe Animate y Javascript (APIC)
- Oferta de subscripción á revista 'Fuera [de] Margen'
- Ilustratour 2015
- Taller con Isidro Ferrer en Ferreira de Pantón (La Plantación)
- Acreditación gratuíta para a entrada no Salón do Cómic de Barcelona
- Acreditación gratuíta para a entrada no Salón do Manga de Barcelona

Servizos de asesoría: a través do grupo de correo e a través de email, respóndese ás dúbidas de tipo legal ou fiscal. En caso de non contar con documentación adecuada, o caso transmítese á asesoría legal (a avogada especializada Mariona Sardà) ou a fiscal (Gestoría Otero, A Coruña). Desde outubro de 2014, catro usos do servizo externo de asesoría legal e cinco usos do servizo externo de asesoría fiscal).

25 de outubro de 2014: XI Encontro Galego de Ilustración

11 de novembro de 2014: presenza da AGPI no xurado do Premio Nacional do Cómic (Ministerio de Cultura), representada por FADIP

Novembro de 2014: edición do Caderno AGPI 2015; envío aos socios e empresas (editoriais, axencias de publicidade, produtoras audiovisuais e de animación) durante decembro e primeiros meses de 2015

29 de novembro – 7 de decembro de 2014: presenza da AGPI no stand oficial de Galicia na Feria del Libro de Guadalajara (México)

9 de xaneiro de 2015: participación da AGPI como co-organizadora coa AC Alexandre Bóveda da concentración «Je suis Charlie», en homenaxe ás vítimas do atentado ao *Charlie Hebdo*, na praza do Humor da Coruña.

30 e 31 de xaneiro de 2015: Actividades polo Día da Ilustración: organización da actividade oficial (mesa redonda «As mil caras da ilustración: novos campos e soportes para o traballo ilustrado» na Biblioteca Miguel González Garcés da Coruña) e mais actividades en The Room (A Coruña) e Detrás do Marco e La Fiesta de los Maniqués (Vigo).

20-21 de febreiro de 2015: participación da AGPI no festival de banda deseñada e autoedición Autobom (The Room, A Coruña)

27 de febreiro – 28 de marzo de 2015: colaboración co Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra no proceso de escollo do autor do cartel e ademais coa iniciativa «Almorzos ilustrados» (manteis ilustrados por dous socios da Agpi, escollidos pola organización e remunerados).

19 de marzo de 2015: organización do III Debate sobre o Estado da Ilustración, na Escola de Arte Antonio Failde de Ourense

30 de marzo – 7 de abril de 2015: presenza da AGPI no stand oficial de Galicia na Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña (Italia): proxección de bucle de ilustracións, presenza con libros dos socios, publicacións da AGPI e catálogo exprés de ilustración infantil e xuvenil.

1 de xullo de 2015: presenza da AGPI no xurado do Premio Nacional de Ilustración (Ministerio de Cultura).

10-16 de agosto de 2015: participación da AGPI no Festival Viñetas desde o Atlántico: stand propio aberto ás obras e produtos dos socios

14-15 de agosto de 2015: colaboración da AGPI no minifestival de autoedición e banda deseñada Autobán (La Maleta, A Coruña).

Outubro de 2015: edición do catálogo *Novas olladas sobre os clásicos ilustrados*

14-18 de outubro de 2015: presenza da AGPI no stand oficial de Galicia na Feira do Libro de Frankfurt (Alemaña): proxección de bucle de ilustracións, presenza con libros dos socios e publicacións da AGPI. Tamén presenza no «International Illustrators' Corner 2015» organizado pola IO (asociación de ilustradores alemá) con ilustracións de socios dentro do bucle proxectado.

23 de outubro de 2015: presenza da AGPI no xurado do Premio Nacional do Cómic (Ministerio de Cultura), representada por FADIP

31 de outubro de 2015: XII Encontro Galego de Ilustración

Actividade en liña:

Perfil de Facebook: 4.996 amigos; páxina en Facebook: 1.890 «gústame» (30/10/2015)

Ademais de publicación de noticias, en xuño iniciouse a iniciativa de promover a galería dun socio/a (escollido por sorteo) cada semana.

Perfil de Twitter: 342 seguidores (30/10/2015).

Web agpi.es:

— actualización semanal da axenda interna con convocatorias, concursos, cursos e eventos ata agosto.

— actualización semanal da sección de noticias (unha media de 2-3 noticias á semana) ata agosto.

Desde o 27/10/2014, 67 noticias publicadas (despois referenciadas nos perfís de Facebook e Twitter).

Boletín mensual Axenda AGPI, cos contidos da axenda. O último foi o de agosto, número 20.

Web Fadip.org: como parte dos compromisos da AGPI coa Federación, a AGPI é a encargada desde hai tres anos de actualizar a súa web con noticias relativas, principalmente, a todas as asociacións federadas. Desde o 12/11/2015, 41 noticias publicadas (unha media de 1-2 noticias cada quincena).

— ACTUACIÓNS PERANTE A ADMINISTRACIÓN E OUTROS ORGANISMOS

Petición de subvencións:

— Consellería de Cultura Xunta de Galicia: convenio asinado para os proxectos III Debate sobre o Estado da Ilustración, Encontro Galego de Ilustración e «Novas olladas sobre os clásicos universais»: 6000 euros.

— Deputación da Coruña: petición de axuda para as actividades do ano. Concedidos: 2.059,20 euros.

1 de xullo de 2015: presenza de representación da AGPI no xurado do Premio Nacional de Ilustración (Ministerio de Cultura). Representante: Víctor Rivas. A asociación estivo representada tamén a través da FADIP, que enviou a Iban Barrenetxea.

• PROPOSTA DE ACTIVIDADES E ACTUACIÓNS PARA 2014-2015

A directiva propón unha redución de actividades da asociación para facela máis eficiente e máis levadeira para os directivos. Coméntase a idea de focalizar a figura de presidente só como representación da AGPI, e sen asumir outro tipo de tarefas. Así mesmo propónse que de agora en diante a xunta directiva non asuma proxectos sen a participación externa puntual dos asociados.

Anúnciase tamén que queda aberta e comezada a negociar a posibilidade dunha exposición itinerante cos contidos do catálogo *Novas olladas aos clásicos universais*.

Debátese acerca da posibilidade de cobramento de determinados traballos dentro da xunta directiva, cando sexan labores que non sexan directamente relacionados con cargos directivos en si, senón con proxectos da asociación; en concreto, ponse o exemplo do pagamento pola maquetación do catálogo, este ano levada a cabo por Nuria Díaz. Propónse a votación, e apróbbase por unanimidade o pagamento pola maquetación do catálogo *Novas olladas sobre os clásicos universais* a Nuria Díaz.

Ábrese debate tamén acerca da cuestión da asistencia a feiras e a forma de participación e posible negociación coa Xunta.

• **RENOVACIÓN DA XUNTA DIRECTIVA: PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS**

Aínda que na asemblea si aparecen candidaturas espontáneas para vogalías (por exemplo, Xurxo García ofrécese como vogal e para facerse cargo das redes sociais da asociación), non se presenta ningunha candidatura para a presidencia. Isto leva á necesidade de suspender o seguinte punto da orde do día («Votación e elección da nova xunta») e no seu lugar estudar que se pode facer nesta situación. Debátese o que pode ocorrer coa asociación se non hai unha nova xunta directiva, se podería disolverse ou entrar nun período de letargo con funcións mínimas. O secretario técnico propón como posible solución unha presidencia mancomunada, sen que se focalice a representación pública da asociación nunha única persoa. Aínda que, nominalmente, de cara á Administración (para petición de subvencións, basicamente) si deba haber uns nomes ligados aos cargos (presidencia, secretaría e tesourería, como mínimo), isto podería descargar ese excesivo respecto que parece provocar o cargo nos socios. De momento, a única solución que se encontra é fixar unha nova asemblea, extraordinaria, que teña como fin a elección dunha nova xunta directiva. Fíxase como data ideal para o seu desenvolvemento o sábado 12 de decembro de 2015.

• **ROGOS E PREGUNTAS**

Sen máis temas que tratar, péchase a sesión ás 19:30.